



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.padron.gal

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 27 DE XULLO DE 2017

Presidente:

Don Antonio Fernández Angueira.

Concelleiras e concelleiros presentes:

Don José Ramón Pardo Andrade.

Dona Lorena Couso Dopazo.

Don Ángel Rodríguez Conde.

Don Francisco Javier Guillán Iglesias.

Secretaria:

Dona Ana María Ares Álvarez.

Interventor accidental:

Don José Marcelino Rivera Rarís.

Na Alcaldía da Casa Consistorial de Padrón, sendo as trece horas do día vinte e sete de xullo de dous mil dezasete, baixo a Presidencia do señor alcalde don Antonio Fernández Angueira reúnen-se as señoras Concelleiras e os señores Concelleiros relacionados na cabeceira, todas e todos membros da Xunta de Goberno Local, co fin de celebrar a sesión ordinaria deste órgano en primeira convocatoria, asistidos da Secretaria da Corporación dona Ana María Ares Álvarez, de acordo coa seguinte:

ORDE DO DÍA

1.- OCUPACIÓN DE TERREOS DE DOMINIO PÚBLICO PARA PASO DE VEHÍCULOS -VADO PERMANENTE- PARA O GARAXE DA SÚA PROPIEDAD SITO NA CORREDOIRA DA BARCA, NÚMERO 16.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta, que di:

<<Antecedentes Administrativos.

Primeiro. O 12 de xuño de 2017, co número de rexistro de entrada 4905, dona María del Carmen Gestoso Vázquez solicita autorización para entrada e saída de vehículos a través da vía pública, e colocación dun sinal de Vado Permanente no portal de entrada a un garaxe da súa propiedade situado en Corredora de la Barca, 16, Padrón.

Segundo. O 20 de xuño de 2017 emítase o informe do Xefe da Policía Local que di que "realizó una inspección del local para el que se solicita la señalización, comprobando que se trata de un inmueble en estado de ruina, a través del cual se puede acceder a la finca donde se encuentra dicha construcción. El solar está habilitado para acoger vehículos en el interior (se adjunta fotografía). Dispone de un portal practicable don una anchura de 2,30 metros lineais". Engade ademais que para o caso de que se conceda a reserva demanial "no será necesario pintar marcas viales de delimitación del vado, al estar situado en una

zona peatonal del casco urbano”.

Fundamentos de dereito.

Primeiro. Considerando o establecido nos artigos 75 a 82 da Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública deste Concello, aprobada polo Pleno en sesión realizada o 23 de xullo de 2004 e publicada no Boletín Oficial da Provincia número 267 do 19 de novembro de 2004.

Segundo. Considerando que é competencia da Xunta de Goberno Local a concesión das licenzas de entrada e saída de vehículos tal e como consta no artigo 76 da devandita ordenanza e no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,

Propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro. Conceder a dona María del Carmen Gestoso Vázquez licenza de entrada e saída a través da vía pública no garaxe situado no número 16 da rúa Corredera de la Barca, na súa modalidade de vado permanente cun ancho de 2,30 metros lineais e, en consecuencia, autorízase a colocar un sinal vertical de prohibición para estacionar co número 238, axustado ao modelo que será facilitado por este Concello.

Segundo. De conformidade co establecido no artigo 78 da Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública, lémbrese que queda prohibido a colocación de rampas que ocupen a calzada e no suposto de que o interesado necesite realizar algunha obra de adaptación do vado deberá pedir o correspondente permiso de obra.

Terceiro. Dar traslado do presente acordo á Policía Local e ao técnico municipal de xestión económica para os efectos de que se liquiden as taxas e tributos municipais que, no seu caso, resulten de aplicación.

Cuarto. Notificar a presente resolución a todas as persoas interesadas, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer:

- a) Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de recepción da notificación da presente resolución, ante o mesmo órgano que dictou o acto impugnado.
- b) Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de recepción da notificación da presente resolución.
- c) O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde de *Ocupación de terreos de dominio público para paso de vehículos -Vado Permanente- para o garaxe da súa propiedade sito na Corredoira da Barca, número 16*, nos termos expresados anteriormente.

2.- OCUPACIÓN DE TERREOS DE DOMINIO PÚBLICO PARA PASO DE VEHÍCULOS -VADO PERMANENTE- PARA O GARAXE DA SÚA PROPIEDAD SITO NA RÚA SANTO DOMINGO.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta, que di:

<<Antecedentes Administrativos.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

Primeiro. O 12 de xuño de 2017, co número de rexistro de entrada 4897, don Baldomero Grela Magariños solicita autorización para entrada e saída de vehículos a través da vía pública, e colocación dun sinal de Vado Permanente no portal de entrada a un garaxe da súa propiedade situado rúa Dolores, 14, con acceso desde a rúa Santo Domingo, Padrón.

Segundo. O 19 de xuño de 2017 emítese o informe do Xefe da Policía Local que di que *“realizó una inspección del local para el que se solicita la señalización, comprobando que se trata de un garage habilitado para estacionamiento de vehículos, de propiedad particular. Dispone de un portal practicable don una anchura de 3,50 metros lineais”*. Engade ademais que para o caso de que se conceda a reserva demanial *“no será necesario pintar marcas viales de delimitación del vado, al estar situado en una zona peatonal del casco urbano”*.

Fundamentos de dereito.

Primeiro. Considerando o establecido nos artigos 75 a 82 da Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública deste Concello, aprobada polo Pleno en sesión realizada o 23 de xullo de 2004 e publicada no Boletín Oficial da Provincia número 267 do 19 de novembro de 2004.

Segundo. Considerando que é competencia da Xunta de Goberno Local a concesión das licenzas de entrada e saída de vehículos tal e como consta no artigo 76 da devandita ordenanza e no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,

Propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro. Conceder a don Baldomero Grela Magariños licenza de entrada e saída a través da via pública no garaxe situado na pranta baixa do inmovible co número 14 da rúa Dolores, con acceso desde a rúa Santo Domingo, na súa modalidade de vado permanente cun ancho de 3,50 metros lineais e, en consecuencia, autorizaselle a colocar un sinal vertical de prohibición para estacionar co número 239, axustado ao modelo que será facilitado por este Concello.

Segundo. De conformidade co establecido no artigo 78 da Ordenanza xeral de circulación e uso da vía pública, lémbrese que queda prohibido a colocación de rampas que ocupen a calzada e no suposto de que o interesado necesite realizar algunha obra de adaptación do vado deberá pedir o correspondente permiso de obra.

Terceiro. Dar traslado do presente acordo á Policía Local e ao técnico municipal de xestión económica para os efectos de que se liquiden as taxas e tributos municipais que, no seu caso, resulten de aplicación.

Cuarto. Notificar a presente resolución a todas as persoas interesadas, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer:

- Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de recepción da notificación da presente resolución, ante o mesmo órgano que dictou o acto impugnado.
- Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de recepción da notificación da presente resolución.
- O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros

presentes aprobar a proposta do señor Alcalde de *Ocupación de terreos de dominio público para paso de vehículos -Vado Permanente- para o garaxe da súa propiedade sito na rúa Santo Domingo*, nos termos expresados anteriormente.

3.- PROGRAMA DE ENVELLECIMIENTO ACTIVO: TALLER DE ADESTRAMENTO DA MEMORIA E YOGA-RELAXACIÓN. AULAS 3º IDADE CURSO 2017/18.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta, que di:

<<Antecedentes de feito.

Primeiro. Visto a providencia do señor Concelleiro de terceira idade don Francisco García Dios con data do 4 de xullo de 2017, na que se propón realizar actividades de envellecemento activo, un curso de adestramento da memoria no centro social de Padrón, no local social de Angueira de Suso e centro sociocultural de San Pedro de Carcacia e outro de loga-Relaxación no centro social de Padrón, ámbolos dous dende 16 de outubro a decembro 2017, dentro do programa de Aulas terceira idade curso 2017/2018.

Segundo. Visto o informe de intervención municipal de data do 7 de xullo de 2017 que certifica a existencia de crédito axeitado e suficiente na aplicación orzamentaria 2311-227.06 do orzamento vixente prorrogado para o 2017.

Fundamentos de dereito.

Único. Visto o artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27 do 3 de febreiro de 1998 sobre delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local.

Proponse a Xunta de Goberno Local á adopción do seguinte acordo:

Primeiro. Aprobar a realización das actividades de envellecemento activo, un curso de adestramento da memoria no centro social de Padrón, no local social de Angueira de Suso e centro sociocultural de San Pedro de Carcacia e outro de loga-Relaxación no centro social de Padrón, ámbolos dous dende 16 de outubro a decembro 2017, dentro do programa de Aulas terceira idade curso 2017/2018.

Segundo. Aprobar o gasto das actividades que ascende a un total de 605 € o curso de loga Relaxación e o curso de adestramento da memoria 942,30 €.

Terceiro. Notificar a presente resolución a todas as persoas con indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o señor Alcalde, no prazo dun mes contado desde o día seguinte de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde de *Programa de envellecemento activo: Taller de adestramento da memoria e ioga-relaxación. Aulas 3ª idade curso 2017/18*, nos termos expresados anteriormente.

4.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS DE REPARACIÓN DE CUBERTAS DE NICHOS DO CEMITERIO PARROQUIAL DE SANTA MARÍA DE CRUCES, FORMULADA POR D. MANUEL DOPAZO GARCÍA, EXPEDIENTE 41/2017/ITP.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta, que di:

<<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS:

Primeiro. En data 22 de marzo de 2017 ten entrada no Concello, con número de rexistro 2518, solicitude de informe técnico previo e tramitación de autorización sectorial por afección en materia de protección do patrimonio histórico de Galicia para obras de reparación das cubertas de nichos do cemiterio parroquial de Santa María de Cruces, con referencia catastral 8973202NH2387S0000LT, formulada por D. Manuel Dopazo García. Achégase coa solicitude memoria valorada da intervención de data 15 de marzo de 2017.

Segundo. En data 6 de abril de 2017 o arquitecto técnico municipal D. Francisco Ferro González informa favorablemente as obras solicitadas.

Terceiro. En data 6 de abril de 2017 remítese oficio ao Departamento Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria aos efectos de obter a correspondente autorización sectorial, acompañando copia do expediente administrativo.

Cuarto. En data 30 de xuño de 2017 ten entrada no Concello comunicación de resolución da Dirección Xeral de de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de data 21 de xuño de 2017, favorable ás obras solicitadas.

Quinto. En data 13 de xullo de 2017 ten entrada no Concello, con número de rexistro 5511, formulario de comunicación previa para a realización de obras e usos do solo e subsolo non suxeitos a licenza municipal para as obras obxecto do informe.

Sexto. En data 19 de xullo de 2017 o asesor xurídico en materia de urbanismo Juan Molares Agrelo informa a comunicación previa presentada

FUNDAMENTOS DE DEREITO.

Primeiro. A solicitude de emisión de informe técnico previo para tramitación da autorización sectorial en materia de protección do patrimonio histórico de Galicia ven determinada pola entrada en vigor da lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade de Galicia, que modificou a Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA).

Esta modificación veu a introducir unha dualidade de sistemas ou tramitacións para a obtención dun título habilitante municipal de natureza urbanística. Así, para as obras de certa entidade que requirisen da redacción dun proxecto técnico completo asinado por técnico competente se mantivo o ata entón único sistema de licenza urbanística previa, pero para as obras denominadas comúnmente menores, de escasa entidade e sinxeleza técnica, se determina a aplicación do procedemento de comunicación previa de obras.

Este sistema exige que se presente a comunicación previa para as obras cunha antelación de 15 días hábiles acompañando a mesma da documentación necesaria para que por parte dos servizos técnicos municipais se perciba claramente a intervención a realizar, así coma as autorizacións sectoriais que sexan necesarias para a intervención.

Isto plantexa un problema derivado da tramitación das autorizacións sectoriais en materia de protección do patrimonio histórico de Galicia. O Servizo de Patrimonio da Consellería de Cultura tramita as devanditas autorizacións non a instancia dos promotores senón a través do Concello, e exige contar con informe técnico municipal favorable.

Desta forma, para poder obter a devandita autorización se articulou a nivel municipal un sistema de solicitude de emisión do referido informe nos casos en que as obras obxecto da comunicación previa están sometidas a algunha afección en materia de protección do patrimonio histórico que exige contar coa referida autorización ou informe sectorial previo, tramitándose ésta polo Concello e unha vez obtida completando a solicitude co formulario de comunicación previa, comezando nese momento o prazo para a toma de

coñecemento ou a solicitude de emenda da comunicación.

Segundo. A comunicación previa presentada refírese á execución de obras de reparación das cubertas de nichos do cemiterio parroquial de Santa María de Cruces, con referencia catastral 8973202NH2387S0000LT. Se ten procedido á comprobación previa por parte dos servizos técnicos municipais do tipo de actuación solicitado aos meros efectos de verificar se as obras se poden incardinar dentro das sometidas ao réxime de comunicación previa, así coma que o uso solicitado sexa compatible co tipo de solo no que vai ter lugar a intervención.

Vista a conformidade do técnico municipal, debemos considerar que este tipo de intervención se atopa na actualidade exento da obriga xeral de contar con licenza municipal previa, en virtude do disposto polo artigo 142.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

A tramitación establecida pola nova lei do solo ven a eximir do previo control administrativo dos usos do solo nos casos de obras de pequena entidade, substituindo a licenza municipal de obras por unha comunicación previa asinada polo promotor das obras na que describe as mesmas e declara baixo a súa responsabilidade que as obras se axustan ao disposto na normativa urbanística e en xeral coa que lle resulta de aplicación.

Este novo sistema ven limitado no seu ámbito obxectivo a sensu contrario pola relación de actos sometidos a licenza municipal en virtude do disposto polo artigo 142.2 da Lei do Solo, xa que en xeral se atopan excluídos de licenza municipal aqueles usos do solo e subsolo que non precisan da redacción dun proxecto técnico completo redactado por técnico competente, o que as asimila a obras que pola súa sinxeleza técnica e escasa entidade económica non xustifican a necesaria intervención dun profesional. Así, o artigo 142.3 da Lei do solo determina:

Quedan suxeitos ao réxime de intervención municipal de comunicación previa os actos de edificación e uso do solo e do subsolo non suxeitos a licenza e, en todo caso, os que así se establezan nas leis. A comunicación previa realizarase nos termos que se prevea regulamentariamente. Os concellos poderán establecer os procedementos de comunicación necesarios, así coma os de verificación posterior do cumprimento dos requisitos previos.

As obras obxecto do presente expediente, e referidas na comunicación previa, sitúanse, baseándonos na conformidade dos servizos técnicos municipais, fóra das sometidas a licenza municipal previa, e polo tanto sometidas ao réxime de declaración responsable.

Polo tanto, estimamos, a reserva de informe técnico ao respecto, e visto a conformidade emitida polos técnicos municipais, que a intervención comunicada resulta hábil para a súa tramitación conforme o réxime establecido para as comunicacións previas.

Terceiro. O procedemento para a presentación das comunicacións previas e o seu contido necesario veñen determinados no artigo 146.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia:

- Descrición técnica das características do acto de que se trate ou, no seu caso, proxecto técnico legalmente exigible : Referidas no apartado sexto do formulario de comunicación previa e na conformidade técnica municipal, así coma na memoria valorada achegada coa solicitude de informe técnico municipal previo. Cubrición dos nichos cunha cuberta de tella cerámica curva sobre pranchas de fibrocemento.
- Manifestación expresa de que a comunicación previa presentada cumpre en tódolos seus extremos coa ordenación urbanística de aplicación. Tal declaración figura no formulario de comunicación previa asinado pola solicitante.
- Copia das restantes autorizacións, concesións administrativas ou informes sectoriais cando foran legalmente esixibles ao solicitante, ou acreditación de terse solicitado o seu outorgamento. Consta no expediente resolución da Dirección Xeral de de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de data 21 de xuño de 2017. Non son necesarias, vista a conformidade técnica municipal, máis autorizacións ou informes sectoriais para a intervención comunicada.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

- Autorización ou documento de avaliación ambiental, no caso de requirila o uso ao que van destinadas as obras. Non procede.

- Xustificante de pago dos tributos municipais, a documentación que se determine regulamentariamente e, especialmente, as autorizacións sectoriais preceptivas: neste senso, o Concello non conta nestes momentos cun sistema de autoliquidación tributaria implantado que permita que polo declarante se proceda a determinar o importe dos tributos a satisfacer e deste xeito o habilite para proceder ao pago e contar con tal resguardo. Co sistema actual, e ata unha futura introdución do sistema de autoliquidación tributaria municipal, resulta suficiente conforme o criterio do informante con que o solicitante achegue os datos e elementos de xuízo que resulten necesarios para que pola administración se poida proceder a liquidar o tributo correspondente. Unha vez notificada a devandita liquidación, o declarante deberá proceder ao pago e conservar o resguardo do pagamento, tal e coma se refire na propia comunicación previa. De non procederse ao pago, a comunicación presentada resultará inexacta, o que terá coma consecuencia a declaración de ineficacia da mesma, procedendo a paralización das obras ou ben a imposición dunha sanción, con independencia de que se proceda así mesmo a adoitar as medidas de constriximento para o pago da débeda tributaria que resulten de aplicación.

Visto o que antecede, estimamos que a documentación presentada cumpre co establecido no artigo 146.1 da lei do Solo.

A cualificación urbanística da parcela obxecto da solicitude, de acordo co informado polo técnico municipal, é a de SOLO NON URBANIZABLE NON PROTEXIDO DE NÚCLEOS RURAIS DE POBOACIÓN (NN), conforme o PXOM do Concello de Padrón, ao que se lle aplica o disposto para o SOLO DE NÚCLEO RURAL na Lei do Solo de Galicia, sen prexuízo da aplicación do referido no planeamento respectivo, segundo o réxime transitorio disposto na Lei do Solo de Galicia para os municipios con planeamento non adaptado á lei 9/2002, e o uso solicitado resulta compatible co planeamento e normativa urbanística de aplicación, sen prexuízo do cumprimento das condicións de edificación e demais normativa urbanística aplicable, das que a declarante refire baixo a súa responsabilidade o seu cumprimento e que será obxecto de verificación coa visita de comprobación.

Cuarto. De acordo así mesmo co establecido no artigo 146.2 da Lei do Solo, a comunicación previa presentarase cunha antelación de quince días hábiles ao inicio das obras. A presentación constitúe título hábil para o inicio das obras no prazo indicado, sen prexuízo dunha posterior comprobación por parte do Concello.

Este mesmo prazo de quince días é o que se lle outorga ao Concello para, sen prexuízo dunha posterior comprobación e inspección, declarar completa a documentación presentada ou ben requerir a emenda das deficiencias que presente a mesma.

Polo tanto, e visto o conforme dos servizos técnicos municipais e o informado nos fundamentos anteriores, estimamos que procede, dado que non se considera a necesidade de subsanación algunha nin emenda de ningunha deficiencia, declarar completa a documentación e tomar coñecemento da comunicación previa efectuada.

Quinto. A norma, no seu artigo 142.2, determina que os concellos deberán establecer e planificar os procedementos de comunicación necesarios, así coma os de verificación posterior do cumprimento dos requisitos precisos. En todo caso estímase coma solución máis axeitada e concordante coas funcións de control da legalidade urbanística que se proceda a adoitar un acordo que declare completa a documentación e tome coñecemento da comunicación previa, acordo do que se dará traslado aos servizos técnicos de urbanismo a fin de que se xire visita de comprobación e se informe sobre se a intervención se axustou á descrita na comunicación previa, así coma se concorre algunha inexactitude ou falsidade na mesma.

A estes efectos resulta de aplicación o disposto polo artigo 69.4 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que determina:

“A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación, ou a non presentación perante a administración competente da declaración responsable, a documentación que sexa no seu caso requirida para acreditar o cumprimento do declarado, ou a comunicación, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada dende o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civiles ou administrativas a que houbera lugar.

Asimesmo, a resolución da administración pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituir a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así coma a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado pola lei, todo elo conforme aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación.”

Asimesmo e dado que estamos a falar de comunicacións previas referidas á execución de obras, modificouse a regulación dos expedientes de reposición da legalidade e sancionadores en materia urbanística da anterior LOUG, incorporando a ausencia de comunicación previa así coma o non axuste da intervención á mesma coma supostos de incoación de expediente de reposición e sancionador, así coma a tipificación coma infracción urbanística grave da inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial nunha comunicación previa e coma infracción urbanística leve da execución de obras sen comunicación previa cando fosen legalizables ou a inexactitude, falsidade ou omisión de carácter non esencial na mesma.

Sexto. Coma se refire no propio texto da comunicación previa, formando parte das obrigas asumidas polo declarante, as obras deberán rematarse no prazo de seis meses dende o inicio das mesmas, e tal circunstancia deberá porse en coñecemento do concello, aos efectos de que se proceda á visita de comprobación das obras executadas. De non comunicarse polo declarante a finalización das obras, tomaráse coma referencia para a visita de comprobación o devandito prazo de seis meses contados dende que a intervención puido iniciarse, isto é, dende o transcurso dos quince días hábiles dende a presentación da comunicación previa. Tal circunstancia deberá apercibirse ao declarante.

Sétimo. Consideramos coma órgano competente para o outorgamento das licenzas de obras, e polo tanto para tomar coñecemento da comunicación previa que sustitúe ás mesmas é a Xunta de Goberno Local tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998, aplicado analóxicamente ao caso que nos ocupa, xa que o acordo que se adoite constitúe un título habilitante para a execución de obras e polo tanto a estes efectos resulta asimilable a unha licenza municipal.

PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

Primeiro. Declarar completa a documentación presentada e tomar coñecemento da comunicación previa de data 13 de xullo de 2017, asinada por D. MANUEL DOPAZO GARCÍA, para obras de reparación das cubertas de nichos do cemiterio parroquial de Santa María de Cruces, con referencia catastral 8973202NH2387S0000LT, expediente 41/2017/IITP conforme a documentación anexa á mesma.

Segundo. A comunicación previa, toda vez que o Concello acusa recibo da mesma e a considera completa, habilita ao declarante para o inicio das obras no prazo de quince días hábiles dende a entrada da comunicación previa no Concello, sen prexuízo dunha posterior visita de comprobación e informe técnico por parte dos servizos técnicos municipais.

Terceiro. A presente toma de coñecemento e polo tanto o título habilitante de natureza urbanística para a execución das obras se efectúa salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

Cuarto. A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento en que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.padron.gal

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

por tales feitos.

A resolución administrativa que constata as circunstancias a que se refire o número anterior comportará o inicio das correspondentes actuacións e a exigencia da responsabilidades e poderá determinar a obriga do interesado a restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento durante un periodo de tempo determinado entre tres meses e un ano.

A ausencia de comunicación previa así coma o non axuste da intervención á mesma, independentemente da apertura dun expediente de reposición da legalidade, están tipificadas coma infracción urbanística grave no caso de inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial nunha comunicación previa, e coma infracción urbanística leve da execución de obras sen comunicación previa, cando fosen legalizables, ou a inexactitude, falsidade ou omisión de carácter non esencial na mesma.

Así mesmo, a comunicación previa presentada para os actos de uso do solo suxeitos a ela implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade dos terreos, ou os/as empresarios/as das obras, dos técnicos/as redactores/as do proxecto e directores/as das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación ao proxecto presentado.

Quinto. Notificada a liquidación tributaria ao declarante, este asume a obriga de estar en posesión en todo momento do resguardo de ter aboado os tributos municipais de aplicación.

Sexto. As obras deberán rematarse no prazo de seis (6) meses dende o inicio das mesmas, e tal circunstancia, isto é, a finalización das obras, deberá porse en coñecemento do concello, aos efectos de que se proceda á visita de comprobación das obras executadas. De non comunicarse polo declarante a finalización das obras, tomaráse coma referencia para a visita de comprobación o devandito prazo de seis meses contados dende que a intervención puido iniciarse, isto é, dende o transcurso dos quince días hábiles dende a presentación da comunicación previa.

Sétimo. Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos de urbanismo a efectos de que unha vez finalizadas as obras se xire visita de comprobación e se proceda ao correspondente informe técnico sobre a veracidade dos datos expostos na comunicación previa e o axuste das obras realmente efectuadas ás mesmas, así coma o axuste das obras á normativa urbanística de aplicación.

Oitavo. Notificar o presente acordo ao interesado/a coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde de *Comunicación previa de obras de reparación de cubertas de nichos do cemiterio parroquial de Santa María de Cruces, formulada por don Manuel Dopazo García. Expediente 41/2017/IPT*, nos termos expresados anteriormente.

5.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS DE REFORMA E PINTADO INTERIOR EN VIVENDA SITA NA RÚA REAL 26, 2º G, FORMULADA POR Dª. Mª CONCEPCIÓN GÓMEZ GÓMEZ, EXPEDIENTE 89/2017/CP.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta, que di:

<<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS:

Primeiro. En data 21 de xuño de 2017 ten entrada no Concello, con número de rexistro 5200, formulario de comunicación previa para a realización de obras e usos do solo e subsolo non suxeitos a licenza municipal para obras de reforma e pintado interior de vivenda sita na rúa Real nº 26, 2º G, con referencia catastral 7919403NH2372S0011SH, formulada por D^a. M^a Concepción Gómez Gómez. Achégase coa comunicación previa orzamento da intervención e fotografías.

Segundo. En data 27 de xullo de 2017 o arquitecto técnico municipal D. Francisco Ferro González require a presentación de documentación adicional necesaria para a tramitación do expediente.

Terceiro. En data 29 de xullo de 2017 remítese requirimento á interesada da documentación referida polo arquitecto técnico municipal.

Cuarto. En data 3 de xullo de 2017 a interesada achega documentación adicional.

Quinto. En data 18 de xullo de 2017 o arquitecto técnico municipal D. Francisco Ferro González emite conformidade coa documentación presentada coma completa e hábil para a tramitación do expediente, sen prexuízo de posterior comprobación que certifique o axuste da intervención á comunicación presentada e á normativa urbanística de aplicación.

Sexto. En data 19 de xullo de 2017 o asesor xurídico en materia de urbanismo Juan Molares Agrelo informa a comunicación previa presentada

FUNDAMENTOS DE DEREITO.

Primeiro. A comunicación previa presentada refírese á execución de obras de reforma e pintado interior de vivenda sita na rúa Real nº 26, 2º G, con referencia catastral 7919403NH2372S0011SH. Se ten procedido á comprobación previa por parte dos servizos técnicos municipais do tipo de actuación solicitado aos meros efectos de verificar se as obras se poden incardinar dentro das sometidas ao réxime de comunicación previa, así coma que o uso solicitado sexa compatible co tipo de solo no que vai ter lugar a intervención.

Vista a conformidade do técnico municipal, debemos considerar que este tipo de intervención se atopa na actualidade exento da obriga xeral de contar con licenza municipal previa, en virtude do disposto polo artigo 142.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

A tramitación establecida pola nova lei do solo ven a eximir do previo control administrativo dos usos do solo nos casos de obras de pequena entidade, sustituíndo a licenza municipal de obras por unha comunicación previa asinada polo promotor das obras na que describe as mesmas e declara baixo a súa responsabilidade que as obras se axustan ao disposto na normativa urbanística e en xeral coa que lle resulta de aplicación.

Este novo sistema ven limitado no seu ámbito obxectivo a sensu contrario pola relación de actos sometidos a licenza municipal en virtude do disposto polo artigo 142.2 da Lei do Solo, xa que en xeral se atopan excluídos de licenza municipal aqueles usos do solo e subsolo que non precisan da redacción dun proxecto técnico completo redactado por técnico competente, o que as asimila a obras que pola súa sinxeleza técnica e escasa entidade económica non xustifican a necesaria intervención dun profesional. Así, o artigo 142.3 da Lei do solo determina:

Quedan suxeitos ao réxime de intervención municipal de comunicación previa os actos de edificación e uso do solo e do subsolo non suxeitos a licenza e, en todo caso, os que así se establezan nas leis. A comunicación previa realizarase nos termos que se prevea regulamentariamente. Os concellos poderán establecer os procedementos de comunicación necesarios, así coma os de verificación posterior do cumprimento dos requisitos previos.

As obras obxecto do presente expediente, e referidas na comunicación previa, sitúanse, baseándonos na conformidade dos servizos técnicos municipais, fóra das sometidas a licenza municipal previa, e polo tanto



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

sometidas ao réxime de declaración responsable.

Polo tanto, estimamos, a reserva de informe técnico ao respecto, e visto a conformidade emitida polos técnicos municipais, que a intervención comunicada resulta hábil para a súa tramitación conforme o réxime establecido para as comunicacións previas.

Segundo. O procedemento para a presentación das comunicacións previas e o seu contido necesario veñen determinados no artigo 146.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia:

- Descrición técnica das características do acto de que se trate ou, no seu caso, proxecto técnico legalmente exixible : Referidas no apartado sexto do formulario de comunicación previa e na conformidade técnica municipal, así coma na documentación achegada coa comunicación previa. Reforma de baño (retirada de aparatos sanitarios, demolición de alicatado, levantamento de solado, anulación de saneamento, levantamento de instalación de fontanería, revestimentos, falso teito, colocación de alicatado de gres, colocación de solado de gres, instalación de fontanería e aparatos sanitarios) e pintado interior.

- Manifestación expresa de que a comunicación previa presentada cumpre en tódolos seus extremos coa ordenación urbanística de aplicación. Tal declaración figura no formulario de comunicación previa asinado pola solicitante.

- Copia das restantes autorizacións, concesións administrativas ou informes sectoriais cando foran legalmente esixibles ao solicitante, ou acreditación de terse solicitado o seu outorgamento. Non proceden, vista a conformidade técnica municipal. Dado que se trata dunha intervención sen relevancia cara ao exterior, se exceptúa da necesidade de tramitación de autorización sectorial en materia de protección do patrimonio histórico ao amparo do disposto polo artigo 45 da lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia.

- Autorización ou documento de avaliación ambiental, no caso de requirila o uso ao que van destinadas as obras. Non procede.

- Xustificante de pago dos tributos municipais, a documentación que se determine regulamentariamente e, especialmente, as autorizacións sectoriais preceptivas: neste senso, o Concello non conta nestes momentos cun sistema de autoliquidación tributaria implantado que permita que polo declarante se proceda a determinar o importe dos tributos a satisfacer e deste xeito o habilite para proceder ao pago e contar con tal resguardo. Co sistema actual, e ata unha futura introdución do sistema de autoliquidación tributaria municipal, resulta suficiente conforme o criterio do informante con que o solicitante achegue os datos e elementos de xuízo que resulten necesarios para que pola administración se poida proceder a liquidar o tributo correspondente. Unha vez notificada a devandita liquidación, o declarante deberá proceder ao pago e conservar o resguardo do pagamento, tal e coma se refire na propia comunicación previa. De non procederse ao pago, a comunicación presentada resultará inexacta, o que terá coma consecuencia a declaración de ineficacia da mesma, procedendo a paralización das obras ou ben a imposición dunha sanción, con independencia de que se proceda así mesmo a adoitar as medidas de constriximento para o pago da débeda tributaria que resulten de aplicación.

Visto o que antecede, estimamos que a documentación presentada cumpre co establecido no artigo 146.1 da lei do Solo.

A cualificación urbanística da parcela obxecto da solicitud, de acordo co informado polo técnico municipal, é a de SOLO URBANO RESIDENCIAL EN NÚCLEO ANTIGO (URNA), conforme o PXOM do Concello de padrón, ao que se lle aplica o disposto para o SOLO URBANO CONSOLIDADO na Lei do Solo de Galicia segundo o réxime transitorio disposto na Lei do Solo de Galicia para os municipios con planeamento non adaptado á lei 9/2002, e o uso solicitado resulta compatible co planeamento e normativa urbanística de aplicación, sen prexuízo do cumprimento das condicións de edificación e demais normativa urbanística aplicable, das que a declarante refire baixo a súa responsabilidade o seu cumprimento e que será obxecto de verificación coa visita de comprobación.

Terceiro. De acordo así mesmo co establecido no artigo 146.2 da Lei do Solo, a comunicación previa presentarase cunha antelación de quince días hábiles ao inicio das obras. A presentación constitúe título hábil para o inicio das obras no prazo indicado, sen prexuízo dunha posterior comprobación por parte do Concello.

Este mesmo prazo de quince días é o que se lle outorga ao Concello para, sen prexuízo dunha posterior comprobación e inspección, declarar completa a documentación presentada ou ben requerir a emenda das deficiencias que presente a mesma.

Polo tanto, e visto o conforme dos servizos técnicos municipais e o informado nos fundamentos anteriores, estimamos que procede, dado que non se considera a necesidade de subsanación algunha nin emenda de ningunha deficiencia, declarar completa a documentación e tomar coñecemento da comunicación previa efectuada.

Cuarto. A norma, no seu artigo 142.2, determina que os concellos deberán establecer e planificar os procedementos de comunicación necesarios, así coma os de verificación posterior do cumprimento dos requisitos precisos. En todo caso estímase coma solución máis axeitada e concordante coas funcións de control da legalidade urbanística que se proceda a adoitir un acordo que declare completa a documentación e tome coñecemento da comunicación previa, acordo do que se dará traslado aos servizos técnicos de urbanismo a fin de que se xire visita de comprobación e se informe sobre se a intervención se axustou á descrita na comunicación previa, así coma se concorre algunha inexactitude ou falsidade na mesma.

A estes efectos resulta de aplicación o disposto polo artigo 69.4 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que determina:

Concello de Padrón

CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

data 17 de xullo de 2017, asinada por D. ALFREDO ANGUEIRA ANGUEIRA, para obras de renovación de cuberta de vivenda sita no Lugar de Agronovo nº 68, Extramundi, con referencia catastral 7337153NH2373N0001WK, expediente 105/2017/CP conforme a documentación anexa á mesma.

Segundo. A comunicación previa, toda vez que o Concello acusa recibo da mesma e a considera completa, habilita ao declarante para o inicio das obras no prazo de quince días hábiles dende a entrada da comunicación previa no Concello, sen prexuízo dunha posterior visita de comprobación e informe técnico por parte dos servizos técnicos municipais.

Terceiro. A presente toma de coñecemento e polo tanto o título habilitante de natureza urbanística para a execución das obras se efectúa salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

Cuarto. A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento en que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

A resolución administrativa que constata as circunstancias a que se refire o número anterior comportará o inicio das correspondentes actuacións e a exixencia da responsabilidades e poderá determinar a obriga do interesado a restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento durante un periodo de tempo determinado entre tres meses e un ano.

A ausencia de comunicación previa así coma o non axuste da intervención á mesma, independentemente da apertura dun expediente de reposición da legalidade, están tipificadas coma infracción urbanística grave no caso de inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial nunha comunicación previa, e coma infracción urbanística leve da execución de obras sen comunicación previa, cando fosen legalizables, ou a inexactitude, falsidade ou omisión de carácter non esencial na mesma.

Así mesmo, a comunicación previa presentada para os actos de uso do solo suxeitos a ela implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade dos terreos, ou os/as empresarios/as das obras, dos técnicos/as redactores/as do proxecto e directores/as das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación ao proxecto presentado.

Quinto. Notificada a liquidación tributaria ao declarante, este asume a obriga de estar en posesión en todo momento do resguardo de ter aboado os tributos municipais de aplicación.

Sexto. As obras deberán rematarse no prazo de seis (6) meses dende o inicio das mesmas, e tal circunstancia, isto é, a finalización das obras, deberá pose en coñecemento do concello, aos efectos de que se proceda á visita de comprobación das obras executadas. De non comunicarse polo declarante a finalización das obras, tomaráse coma referencia para a visita de comprobación o devandito prazo de seis meses contados dende que a intervención puido iniciarse, isto é, dende o transcurso dos quince días hábiles dende a presentación da comunicación previa.

Sétimo. Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos de urbanismo a efectos de que unha vez finalizadas as obras se xire visita de comprobación e se proceda ao correspondente informe técnico sobre a veracidade dos datos expostos na comunicación previa e o axuste das obras realmente efectuadas ás mesmas, así coma o axuste das obras á normativa urbanística de aplicación.

Oitavo. Notificar o presente acordo ao interesado/a coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida

interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde de *Comunicación previa de obras de renovación de cuberta de vivenda sita no lugar de Agronovo nº 68, Extramundi, formulada por don Alfredo Angueira Angueira. Expediente 105/2017/CP*, nos termos expresados anteriormente.

9.- PRÓRROGA DE PRAZO DE EXECUCIÓN DE OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DE CERRAMENTO COMPOSTO E INSTALACIÓN DE PORTAL E PORTA DE ACCESO PEONIL DE ALUMINIO EN PARCELA SITA NO LUGAR DE A PICARAÑA Nº 98, FORMULADA POR D. JOSÉ LEBORÁNS LÓPEZ, EXPEDIENTE 181/2016/CP.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta, que di:

<<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS:

Primeiro. En data 19 de Outubro de 2016 ten entrada no Concello, con número de rexistro 8835, formulario de comunicación previa para a realización de obras e usos do solo e subsolo non suxeitos a licenza municipal para obras de construción de cerramento composto e instalación de portal e porta de acceso peonil de aluminio en parcela sita no Lugar de A Picaraña nº 98, con parcela catastral 15066B503055340000FH, formulada por D. José Leboráns López. Achégase coa comunicación previa orzamento da intervención, datos catastrais e fotografías da parcela, croquis e alzados do peche proxectado, e copia de autorizacións da Axencia Galega de Infraestruturas, ambos de data 14 de xuño de 2016, para o peche e para o portal de acceso.

Segundo. En data 7 de novembro de 2016 o arquitecto técnico municipal D. Francisco Ferro González emite requirimento de documentación adicional necesaria para a tramitación da comunicación previa presentada.

Terceiro. En data 9 de novembro de 2016 remítese requirimento ao interesado das emendas referidas polos servizos técnicos municipais.

Cuarto. En data 14 de novembro de 2016 o interesado achega a documentación adicional requirida.

Quinto. En data 7 de novembro de 2016 o arquitecto técnico municipal D. Francisco Ferro González emite conformidade coa documentación presentada coma completa e hábil para a tramitación do expediente, sen prexuízo de posterior comprobación que certifique o axuste da intervención á comunicación presentada e á normativa urbanística de aplicación.

Sexto. En data 25 de novembro de 2016 o asesor xurídico en materia de urbanismo informa favorablemente a toma de coñecemento da comunicación previa presentada.

Sétimo. En data 1 de decembro de 2016 a Xunta de Goberno Local do Concello adoita acordo de tomar coñecemento da comunicación previa presentada.

Oitavo. En data 2 de xuño de 2017 ten entrada no Concello, con número de rexistro 4635, solicitude de prórroga para a execución das obras obxecto da comunicación previa.

Noveno. En data 20 de xullo de 2017 o asesor xurídico en materia de urbanismo informa favorablemente o outorgamento da prórroga solicitada.

FUNDAMENTOS DE DEREITO.

Primeiro. O artigo 363 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, determina:

As comunicacións previas relativas á execución de obras deberán sinalar o prazo para o seu inicio e remate, en proporción á súa entidade e de conformidade co que establezan as ordenanzas municipais sobre uso do solo e a edificación. Os prazos indicados prorrogaranse pola metade do prazo establecido se a persoa interesada o comunica antes de ter transcorrido o referido prazo.

No presente caso no acordo de toma de coñecemento, así coma na propia comunicación previa, se determinaba un prazo de execución de seis meses. O cómputo de tal prazo debe ter lugar dende que se lle comunicou a toma de coñecemento ao interesado, isto é, dende o 7 de decembro de 2016.

Toda vez que a solicitude de prórroga tivo lugar en data 7 de xuño de 2017, non transcurriran aínda os seis meses do prazo inicialmente conferido polo que non existe impedimento para outorgar un novo prazo de tres (3) meses para a execución das obras, a contar dende a notificación da resolución.

Segundo. Resulta competente para o outorgamento das licenzas de obras, e polo tanto para tomar coñecemento da comunicación previa que sustitúe ás mesmas é a Xunta de Goberno Local tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998, aplicado analóxicamente ao caso que nos ocupa, xa que o acordo que se adoite respecto á prórroga do prazo se refire a un título habilitante para a execución de obras e polo tanto a estes efectos resulta asimilable a unha licenza municipal.

PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

Primeiro. Outorgar a D. José Leboráns López unha prórroga por prazo de tres (3) meses dende a notificación do presente acordo para a execución das obras de construción de cerramento composto e instalación de portal e porta de acceso peonil de aluminio en parcela sita no Lugar de A Picaraña nº 98, con parcela catastral 15066B503055340000FH, expediente 181/2016/CP.

Apercíbese de que non procede o outorgamento doutras prórrogas.

Segundo. Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos de urbanismo a efectos de que unha vez finalizadas as obras se xire visita de comprobación e se proceda ao correspondente informe técnico sobre a veracidade dos datos expostos na comunicación previa e o axuste das obras realmente efectuadas ás mesmas, así coma o axuste das obras á normativa urbanística de aplicación.

Terceiro. Notificar o presente acordo ao interesado/a coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde de *Prórroga de prazo de execución de obras de construción de cerramento composto e instalación de portal e porta de acceso peonil de aluminio en parcela sita no lugar de A Picaraña nº 98, formulada por don José Leboráns López. Expediente 181/2016/CP*, nos termos expresados anteriormente.

10.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DE INMOBLE PARA O SEU USO COMA PENSIÓN, SITA NO LUGAR DE AREAL Nº 35, CRUCES, FORMULADA POR D^a. JOSEFA GARCÍA FERREIRO, EXPEDIENTE 28/2017/CP.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta, que di:

<<ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS:

Primeiro. En data 16 de febreiro de 2017 ten entrada no Concello, con número de rexistro 1354, formulario de comunicación previa de obra de adecuación de local para actividade para obras de “obras de escasa entidade, sin necesidade de proxecto, según memoria valorada adjunta”; en vivenda sita no lugar de Areal nº 35, Cruces, con referencia catastral 150066B503052120000FZ, formulada por D^a. Josefa García Ferreiro. Achégase coa comunicación previa “Memoria obras escasa entidade para comunicación previa” redactada e asinada polo arquitecto técnico D. Julián Méndez Suárez. Achégase asemade “Proxecto de actividade para pensión” redactado e asinado polo mesmo técnico.

Segundo. En data 27 de marzo de 2017 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Baliña de Jesús informa favorablemente as obras obxecto de comunicación previa referindo a necesidade de contar con autorización sectorial en materia de protección do patrimonio histórico.

Terceiro. En data 28 de marzo de 2017 remítese oficio á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural aos efectos de tramitar a preceptiva autorización sectorial.

Cuarto. En data 7 de xuño de 2017 ten entrada no Concello, con número de rexistro 4758, informe sobre unha intervención no Camiño de Santiago de data 31 de maio de 2017, favorable ás obras solicitadas con certas condicións.

Quinto. En data 15 de xuño de 2017 ten entrada no Concello anexo á memoria presentada coas modificacións requiridas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

Sexto. En data 13 de xullo de 2017 o arquitecto técnico municipal D. Jesús Baliña de Jesús emite conformidade coa documentación presentada coma completa e hábil para a tramitación do expediente, sen prexuízo de posterior comprobación que certifique o axuste da intervención á comunicación presentada e á normativa urbanística de aplicación.

Sétimo. En data 19 de xullo de 2017 o asesor xurídico en materia de urbanismo Juan Molares Agrelo informa a comunicación previa presentada

FUNDAMENTOS DE DEREITO.

Primeiro. Tendo en conta o exposto nos informes técnicos municipais de datas 27 de marzo e 13 de xullo de 2017, e o informe xurídico de data 19 de xullo de 2017 que son asumidos por esta resolución coma motivación, conforme o disposto polo artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, en concreto tendo en conta o contido literal do informe xurídico que se transcribe a continuación:

Primeiro. A comunicación previa presentada refírese á execución de obras de diversa índole para adaptar unha vivenda existente para o exercicio da actividade de pensión no lugar de Areal nº 35, Cruces, con referencia catastral 15066B503052120000FZ. Se ten procedido á comprobación previa por parte dos servizos técnicos municipais do tipo de actuación solicitado aos meros efectos de verificar se as obras se poden incardinar dentro das sometidas ao réxime de comunicación previa, así coma que o uso solicitado sexa compatible co tipo de solo no que vai ter lugar a intervención.

Vista a conformidade do técnico municipal, debemos considerar que este tipo de intervención se atopa na actualidade exento da obriga xeral de contar con licenza municipal previa, en virtude do disposto polo artigo 142.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

A tramitación establecida pola nova lei do solo ven a eximir do previo control administrativo dos usos do solo nos casos de obras de pequena entidade, substituindo a licenza municipal de obras por unha comunicación previa asinada polo promotor das obras na que describe as mesmas e declara baixo a súa responsabilidade



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

que as obras se axustan ao disposto na normativa urbanística e en xeral coa que lle resulta de aplicación.

Este novo sistema ven limitado no seu ámbito obxectivo a sensu contrario pola relación de actos sometidos a licenza municipal en virtude do disposto polo artigo 142.2 da Lei do Solo, xa que en xeral se atopan excluídos de licenza municipal aqueles usos do solo e subsolo que non precisan da redacción dun proxecto técnico completo redactado por técnico competente, o que as asimila a obras que pola súa sinxeleza técnica e escasa entidade económica non xustifican a necesaria intervención dun profesional. Así, o artigo 142.3 da Lei do solo determina:

Quedan suxeitos ao réxime de intervención municipal de comunicación previa os actos de edificación e uso do solo e do subsolo non suxeitos a licenza e, en todo caso, os que así se establezan nas leis. A comunicación previa realizarase nos termos que se prevea regulamentariamente. Os concellos poderán establecer os procedementos de comunicación necesarios, así coma os de verificación posterior do cumprimento dos requisitos previos.

As obras obxecto do presente expediente, e referidas na comunicación previa, sitúanse, baseándonos na conformidade dos servizos técnicos municipais, fóra das sometidas a licenza municipal previa, e polo tanto sometidas ao réxime de comunicación previa.

Polo tanto, estimamos, a reserva de informe técnico ao respecto, e visto a conformidade emitida polos técnicos municipais, que a intervención comunicada resulta hábil para a súa tramitación conforme o réxime establecido para as comunicacións previas.

Segundo. No presente caso, as obras se dirixen á adaptación dun inmovible para o exercicio dunha actividade. Neste senso, resulta de aplicación o disposto polo Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos. Este regulamento clarifica o procedemento establecido pola lei 9/2013, do 19 de decembro, do Emprendemento e da Competitividade Económica de Galicia.

O citado Regulamento único establece no seu artigo 13, referido ás obras destinadas ao desenvolvemento dunha actividade:

Cando a obra teña por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, consignarase expresamente tal circunstancia e, xunto coa comunicación previa ou solicitude de licenza de obra, de ser o caso, poñerase en coñecemento da Administración Municipal os datos identificativos e achegarase a documentación prevista no artigo 11 deste regulamento.

Debemos verificar polo tanto que xunto coa solicitude de licenza se achegou a documentación referida no artigo 11 do regulamento, que se refire á comunicación previa de exercicio dunha actividade económica e apertura de establecementos. A documentación a achegar sería:

a) Datos identificativos da persoa física ou xurídica titular da actividade ou do establecemento e, de ser o caso, de quen a represente, así coma un enderezo a efectos de notificacións: Consta na documentación achegada. D^a Josefa García Ferreiro, con NIF 33264565X, e domicilio a efectos de notificacións no lugar de Areal nº 35, Cruces.

b) Unha memoria explicativa da actividade que se pretenda realizar que detalle os seus aspectos básicos, a súa localización e o establecemento ou establecementos onde se vai desenvolver: Tales extremos constan no "Proyecto de actividad para pensión" redactado e asinado polo arquitecto técnico D. Julián Méndez Suárez.

c) O xustificante do pagamento dos tributos municipais que resulten preceptivos: o Concello non conta nestes momentos cun sistema de autoliquidación tributaria implantado que permita que polo declarante se proceda a determinar o importe dos tributos a satisfacer e deste xeito o habilite para proceder ao pago e contar con tal resguardo. Co sistema actual, e ata unha futura introdución do sistema de autoliquidación tributaria municipal, o que procede segundo o criterio do informante é requirir que se achegue coa

comunicación previa de inicio da actividade o resgardo de ter abonados os tributos derivados da execución das obras, que lle serán liquidados polo servizo de tesourería municipal unha vez outorgada, no seu caso, a licenza, isto é, o resgardo de pago do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (I.C.I.O.) e a Taxa por Expedición de Licenzas Urbanísticas (E.L.U.).

Quedaría pendente o pago da Taxa de apertura de establecementos, que será liquidada pola tesourería municipal no momento en que se proceda á presentación da comunicación previa de inicio da actividade. O interesado deberá achegar a copia do resgardo de ingreso do citado tributo no momento en que se proceda ao seu abono. De non procederse ao pago, a comunicación presentada resultará inexacta, o que terá coma consecuencia a declaración de ineficacia da mesma, coas consecuencias previstas legalmente en torno á continuidade da actividade e a sanción que proceda, con independencia de que se proceda así mesmo a adoitar as medidas de constriximento para o pago da débeda tributaria que resulten de aplicación.

d) Unha declaración da persoa titular da actividade ou do establecemento, de ser o caso subscrita por técnico competente, de que se cumpren todos os requisitos para o exercicio da actividade e de que o establecemento reúne as condicións de seguridade, salubridade e as demais previstas no planeamento urbanístico: Tal declaración de conformidade coa normativa de aplicación consta mediante certificado do técnico redactor do proxecto de actividade que consta no mesmo proxecto.

e) O proxecto e a documentación técnica que resulte exixible segundo a natureza da actividade ou instalación. Para estes efectos, enténdese por proxecto o conxunto de documentos que definen as actuacións que se van desenvolver, co contido e detalle que lle permita á administración coñecer o obxecto delas e determinar o seu axuste á normativa urbanística e sectorial aplicable, segundo o regulado na normativa de aplicación. O proxecto e a documentación técnica serán redactados e asinados por persoa técnica competente: Achégase "Proyecto de actividad para pensión" redactado e asinado polo arquitecto técnico D. Julián Méndez Suárez, que entendemos cumpre con este apartado.

f) A autorización ou declaración ambiental, de ser o caso: Non procede polo tipo de actividade a desenrolar, non sometida a autorización ou declaración ambiental.

g) As demais autorizacións e informes sectoriais que sexan preceptivos: Neste senso, o inicio da actividade pretendida require, conforme o artigo 41 da lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, a presentación dunha declaración responsable do cumprimento das condicións que resultasen exixibles para o exercicio da actividade e a clasificación do correspondente establecemento e do seu mantemento durante o tempo en que se desenrolara a súa actividade, perante a xefatura territorial correspondente da Consellería competente en materia de turismo.

Esta mesma obriga entendemos que é a mesma regulada no artigo 42 do decreto 57/2016, do 12 de maio, polo que se establece a ordenación dos establecementos hoteleiros.

Non consta a devandita declaración responsable, e polo tanto deberá achegarse.

h) De ser o caso, certificado de conformidade emitido polas entidades de certificación de conformidade municipal previstas neste regulamento: Non procede.

A necesidade de presentar esta documentación xunto coa comunicación previa ven reflectida así mesmo no apartado segundo do mesmo artigo 11 do regulamento. Este precepto determina así mesmo que logo de rematar a obra, presentarase a comunicación previa para o inicio da actividade ou apertura do establecemento sen máis requisitos que os datos de identificación da persoa titular e a referencia da comunicación previa ou a licenza urbanística que amparou a obra realizada e o certificado de fin de obra asinado por técnico competente, así coma cando proceda o certificado acústico.

Esto debemos poñelo en relación co disposto polo artigo 13 no seu apartado segundo, que refire que nos caso que nos ocupa dunha obra afecta ao exercicio dunha actividade, as facultades municipais de comprobación, control e inspección se leven a cabo en primeiro lugar respecto á actividade á que vai destinada a obra, e debe suspenderse toda actuación administrativa en relación coa mesma entrementes a



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.padron.gal

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

persoa interesada non acredite debidamente o cumprimento dos requisitos legais para o exercicio da actividade.

Para o caso dunha obra sometida ao réxime de comunicación previa, se determina que se a administración municipal formula requirimento á persoa interesada para emendar os incumprimentos ou deficiencias detectados na documentación ou nos requisitos relativos á actividade no prazo de quince días, ese prazo quedará en suspenso e a comunicación previa relativa á obra non terá eficacia mentres non se produza o restablecemento do cómputo do mesmo por se teren producido as emendas requiridas.

Non se procedeu ao citado requirimento, e ademáis debemos ter en conta que falamos dun requisito non esencial que ven determinado polo inicio da actividade. Entendemos que se o procedemento indica que unha vez rematadas as obras vencelladas á actividade, e antes do inicio da mesma, se deberá presentar o formulario de comunicación previa de inicio da actividade, a acreditación das autorizacións sectoriais referidas ao inicio da mesma e non á actividade en sí deberán achegarse no momento en que se presente tal comunicación previa.

Polo tanto, entendemos que procede requirir a presentación de copia ou acreditación de ter presentado a citada declaración responsable do artigo 41 da lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia xunto coa comunicación previa de inicio da actividade, que debería adxuntar así mesmo o certificado de fin de obra e o certificado acústico, de resultar de aplicación.

Polo tanto entendemos que procede tramitar a comunicación previa e requirir a presentación da documentación referida xunto coa comunicación previa de inicio da actividade.

Terceiro. O procedemento para a presentación das comunicacións previas e o seu contido necesario veñen determinados no artigo 146.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia:

Descrición técnica das características do acto de que se trate ou, no seu caso, proxecto técnico legalmente exixible : Referidas na "Memoria obras escasa entidade para comunicación previa" redactada e asinada polo arquitecto técnico D. Julián Méndez Suárez. 1. Traballos de mantemento e limpeza da cuberta; 2. Mantemento e conservación da fachada, con aplicación de pintura de exteriores nas zonas que o requira para cubrir o acabado de recebo de cemento; 3. Mantemento e conservación de pintura interior, nas zonas que o requira para cubrir as zonas de recebo de cemento e zonas afectadas por humidades; 4. reforma do aseo da planta baixa para convertelo en baño dotado de prato de ducha, lavabo e inodoro, e disposición de sistemas de ventilación; 5. Dotar as portas principais, de planta baixa e planta primeira, de mecanismo de fácil apertura dende o interior que garante que se poida abrir sen dificultade durante o desenvolvemento da actividade en caso de emerxencia; 6. Dotación da porta da planta primeira dunha folla abatible de ancho mínimo de 60 cm; 7. Dotación de felpudo nas entradas para minimizar o risco de caídas pola entrada directa dende a rúa; 8. Dotación de extintores segundo a normativa; 9. Instalación de termo eléctrico para a produción de auga quente sanitaria e radiadores eléctricos nas estancias; 10. Axustes necesarios na instalación de electricidade para dotación de circuitos de calefacción e do termo eléctrico; 11. Dotación de luminarias de emerxencia e de sinalización; 12. Dotación de barreira metálica debaixo da rampla de escaleiras para impedir o risco de golpes; 13. Axudas de albanelería ás instalacións; 14. Dotación de rampla portátil para salvar chanzo de acceso á planta baixa; 15. Acometida á rede de abastecemento municipal de auga e de sumidoiro, prescindindo da traída de auga de pozo e da fosa séptica para o abastecemento da actividade proxectada.

Manifestación expresa de que a comunicación previa presentada cumpre en tódolos seus extremos coa ordenación urbanística de aplicación. Tal declaración figura no formulario de comunicación previa asinado pola solicitante.

Copia das restantes autorizacións, concesións administrativas ou informes sectoriais cando foran legalmente esixibles ao solicitante, ou acreditación de terse solicitado o seu outorgamento. Consta no expediente "informe sobre unha intervención no Camiño de Santiago" de data 31 de maio de 2017. Non son necesarias, vista a conformidade técnica municipal, outras autorizacións sectoriais para a intervención

pretendida.

Autorización ou documento de avaliación ambiental, no caso de requirila o uso ao que van destinadas as obras. Non procede.

Xustificante de pago dos tributos municipais, a documentación que se determine regulamentariamente e, especialmente, as autorizacións sectoriais preceptivas: neste senso, o Concello non conta nestes momentos cun sistema de autoliquidación tributaria implantado que permita que polo declarante se proceda a determinar o importe dos tributos a satisfacer e deste xeito o habilite para proceder ao pago e contar con tal resguardo. Co sistema actual, e ata unha futura introdución do sistema de autoliquidación tributaria municipal, resulta suficiente conforme o criterio do informante con que o solicitante achegue os datos e elementos de xuízo que resulten necesarios para que pola administración se poida proceder a liquidar o tributo correspondente. Unha vez notificada a devandita liquidación, o declarante deberá proceder ao pago e conservar o resguardo do pagamento, tal e coma se refire na propia comunicación previa. De non procederse ao pago, a comunicación presentada resultará inexacta, o que terá coma consecuencia a declaración de ineficacia da mesma, procedendo a paralización das obras ou ben a imposición dunha sanción, con independencia de que se proceda así mesmo a adoitar as medidas de constriximento para o pago da débeda tributaria que resulten de aplicación.

Visto o que antecede, estimamos que a documentación presentada cumpre co establecido no artigo 146.1 da lei do Solo.

A cualificación urbanística da parcela obxecto da solicitude, de acordo co informado polo técnico municipal, é a de SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE POBOACIÓN (NN), conforme o PXOM do Concello de padrón, ao que se lle aplica o disposto para o SOLO DE NÚCLEO RURAL na Lei do Solo de Galicia, sen prexuízo da aplicación do planeamento vixente no que non se opoña á mesma, segundo o réxime transitorio disposto na Lei do Solo de Galicia para os municipios con planeamento non adaptado á lei 9/2002, e o uso solicitado resulta compatible co planeamento e normativa urbanística de aplicación, sen prexuízo do cumprimento das condicións de edificación e demais normativa urbanística aplicable, das que a declarante refire baixo a súa responsabilidade o seu cumprimento e que será obxecto de verificación coa visita de comprobación.

Cuarto. De acordo así mesmo co establecido no artigo 146.2 da Lei do Solo, a comunicación previa presentarase cunha antelación de quince días hábiles ao inicio das obras. A presentación constitúe título hábil para o inicio das obras no prazo indicado, sen prexuízo dunha posterior comprobación por parte do Concello.

Este mesmo prazo de quince días é o que se lle outorga ao Concello para, sen prexuízo dunha posterior comprobación e inspección, declarar completa a documentación presentada ou ben requerir a emenda das deficiencias que presente a mesma.

Polo tanto, e visto o conforme dos servizos técnicos municipais e o informado nos fundamentos anteriores, estimamos que procede, dado que non se considera a necesidade de subsanación algunha nin emenda de ningunha deficiencia, declarar completa a documentación e tomar coñecemento da comunicación previa efectuada.

Quinto. A norma, no seu artigo 142.2, determina que os concellos deberán establecer e planificar os procedementos de comunicación necesarios, así coma os de verificación posterior do cumprimento dos requisitos precisos. En todo caso estímase coma solución máis axeitada e concordante coas funcións de control da legalidade urbanística que se proceda a adoitar un acordo que declare completa a documentación e tome coñecemento da comunicación previa, acordo do que se dará traslado aos servizos técnicos de urbanismo a fin de que se xire visita de comprobación e se informe sobre se a intervención se axustou á descrita na comunicación previa, así coma se concorre algunha inexactitude ou falsidade na mesma.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.padron.gal

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

A estes efectos resulta de aplicación o disposto polo artigo 69.4 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que determina:

“A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación, ou a non presentación perante a administración competente da declaración responsable, a documentación que sexa no seu caso requirida para acreditar o cumprimento do declarado, ou a comunicación, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada dende o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís e administrativas a que houbera lugar.”

Asimesmo, a resolución da administración pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituir a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así coma a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado pola lei, todo elo conforme aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación.”

Asimesmo e dado que estamos a falar de comunicacións previas referidas á execución de obras, modificouse a regulación dos expedientes de reposición da legalidade e sancionadores en materia urbanística da anterior LOUG, incorporando a ausencia de comunicación previa así coma o non axuste da intervención á mesma coma supostos de incoación de expediente de reposición e sancionador, así coma a tipificación coma infracción urbanística grave da inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial nunha comunicación previa e coma infracción urbanística leve da execución de obras sen comunicación previa cando fosen legalizables ou a inexactitude, falsidade ou omisión de carácter non esencial na mesma.

Sexto. Coma se refire no propio texto da comunicación previa, formando parte das obrigas asumidas polo declarante, as obras deberán rematarse no prazo de seis meses dende o inicio das mesmas, e tal circunstancia deberá porse en coñecemento do concello, aos efectos de que se proceda á visita de comprobación das obras executadas. De non comunicarse polo declarante a finalización das obras, tomaráse coma referencia para a visita de comprobación o devandito prazo de seis meses contados dende que a intervención puido iniciarse, isto é, dende o transcurso dos quince días hábiles dende a presentación da comunicación previa. Tal circunstancia deberá apercibirse ao declarante.

Segundo. Consideramos coma órgano competente para o outorgamento das licenzas de obras, e polo tanto para tomar coñecemento da comunicación previa que sustitúe ás mesmas é a Xunta de Goberno Local tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998, aplicado analóxicamente ao caso que nos ocupa, xa que o acordo que se adoite constitúe un título habilitante para a execución de obras e polo tanto a estes efectos resulta asimilable a unha licenza municipal.

PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

Primeiro. Declarar completa a documentación presentada e tomar coñecemento da comunicación previa de data 16 de febreiro de 2017, asinada por D^a. JOSEFA GARCÍA FERREIRO, para obras de adecuación de local para actividade de pensión en vivenda sita no lugar de Areal nº 35, Cruces, con referencia catastral 150066B503052120000FZ, expediente 28/2017/CP conforme a “Memoria obras escasa entidade para comunicación previa” redactada e asinada polo arquitecto técnico D. Julián Méndez Suárez obrante no expediente.

Unha vez concluídas as obras deberá achegarse comunicación previa de inicio da actividade acompañada da declaración responsable do artigo 41 da lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia xunto coa comunicación previa de inicio da actividade, o certificado de fin de obra e o certificado acústico, éste último de resultar de aplicación

Segundo. A comunicación previa, toda vez que o Concello acusa recibo da mesma e a considera completa, habilita ao declarante para o inicio das obras no prazo de quince días hábiles dende a entrada da

comunicación previa no Concello, sen prexuízo dunha posterior visita de comprobación e informe técnico por parte dos servizos técnicos municipais.

Terceiro. A presente toma de coñecemento e polo tanto o título habilitante de natureza urbanística para a execución das obras se efectúa salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

Cuarto. A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento en que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

A resolución administrativa que constata as circunstancias a que se refire o número anterior comportará o inicio das correspondentes actuacións e a exixencia da responsabilidades e poderá determinar a obriga do interesado a restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento durante un periodo de tempo determinado entre tres meses e un ano.

A ausencia de comunicación previa así coma o non axuste da intervención á mesma, independentemente da apertura dun expediente de reposición da legalidade, están tipificadas coma infracción urbanística grave no caso de inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial nunha comunicación previa, e coma infracción urbanística leve da execución de obras sen comunicación previa, cando fosen legalizables, ou a inexactitude, falsidade ou omisión de carácter non esencial na mesma.

Así mesmo, a comunicación previa presentada para os actos de uso do solo suxeitos a ela implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade dos terreos, ou os/as empresarios/as das obras, dos técnicos/as redactores/as do proxecto e directores/as das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación ao proxecto presentado.

Quinto. Notificada a liquidación tributaria ao declarante, este asume a obriga de estar en posesión en todo momento do resgardo de ter aboado os tributos municipais de aplicación.

Sexto. As obras deberán rematarse no prazo de seis (6) meses dende o inicio das mesmas, e tal circunstancia, isto é, a finalización das obras, deberá porse en coñecemento do concello, aos efectos de que se proceda á visita de comprobación das obras executadas. De non comunicarse polo declarante a finalización das obras, tomaráse coma referencia para a visita de comprobación o devandito prazo de seis meses contados dende que a intervención puido iniciarse, isto é, dende o transcurso dos quince días hábiles dende a presentación da comunicación previa.

Sétimo. Dar traslado do acordo adoptado ós servizos técnicos de urbanismo a efectos de que unha vez finalizadas as obras se xire visita de comprobación e se proceda ao correspondente informe técnico sobre a veracidade dos datos expostos na comunicación previa e o axuste das obras realmente efectuadas ás mesmas, así coma o axuste das obras á normativa urbanística de aplicación.

Oitavo. Notificar o presente acordo ao interesado/a coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o alcalde coma órgano titular orixinario da competencia para resolver, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación co resultado de todos os votos a favor, polo que a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes aprobar a proposta do señor Alcalde de *Comunicación previa de obras de acondicionamento de inmoble para o seu uso coma pensión, sita no lugar de Areal nº 35, Cruces, formulada por dona Josefa García*



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.padron.gal

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Ferreiro. Expediente 28/2017/CP, nos termos expresados anteriormente.

11.- INDEMNIZACIÓN POR GASTOS DE LOCOMOCIÓN DO PERSOAL DE AXUDA NO FOGAR NOS MESES DE FEBREIRO A XUÑO DE 2017.

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta, que di:

<<Antecedentes Administrativos

Primeiro: Vista as acreditacións por parte da Traballadora Social do Concello, dona Purificación Regueira Vázquez, responsable do programa, dos desprazamentos con utilización do seu vehículo particular, das traballadoras do Programa de axuda no fogar, nos meses de febreiro a xuño de 2017 con motivo da realización dos servizos que lles son propios, co visto e prace do Concelleiro de Servizos Sociais do 14 de xullo de 2017.

Segundo: Visto o informe da Intervención Municipal de data 18 de xullo de 2017.

Fundamentos de dereito

Único: Visto o artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998 sobre delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local.

